



Resumo en lectura fácil da obra de teatro

OS ACTOS E AS PROFECÍAS

Tamara Canosa é a directora desta obra de teatro
Tamara Canosa e **Xacio Baño** son os escritores desta obra de teatro

Datas de representación da obra:
do 11 de abril ao 26 de maio de 2024
Lugar: Salón Teatro en Santiago de Compostela



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
Os actos e as profecías.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 8
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 10
Como é o escenario?.....	páxina 12
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 13

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra, por exemplo, o nome dos personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é
Os actos e as profecías.



O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

Os actos e as profecías

O Centro Dramático Galego cumpre 40 anos este ano.
O Centro Dramático Galego organiza
a obra de teatro **Os actos e as profecías**
para celebrar os seus 40 anos.

Tamara Canosa e Xacio Baño
son os escritores desta obra de teatro.

Esta obra de teatro conta coa axuda económica
dun proxecto da Unión Europea.
O proxecto chámase Creativa Europa PHŌNĒ.

Os actos e as profecías é unha obra de teatro
que representa un concurso de talentos de televisión.
Nun concurso de talentos,
os concursantes mostran o seu talento
diante dun xurado e do público
para conseguir un premio e ser famosos.

Nesta obra de teatro participan 20 actrices e actores.



As actrices e os actores



SERGIO ABELAÍRA



MARTA ALONSO
TEJADA



MÓNICA CAMAÑO



MIGUEL CANALEJO



ISOLDA COMESAÑA



MANUEL CORTÉS



ANTÓN COUCHEIRO
COU



IVÁN DAVILA



RAQUEL ESPADA



**XOSÉ MANUEL
ESPERANTE**



**ALBA FERNÁNDEZ
COTELO**



SARA FERRO



ATENEA GARCÍA



MIGUEL GENDRE



**RAQUEL NOGUEIRA
WATSON**



ALBA RECONDO



**ANA SANTOS
MANEIRO**



LOIS SOAXE



JORGE VARANDELA



ANTÍA VIDAL

Que nos conta esta obra de teatro?

Os personaxes e as personaxes desta obra participan nun concurso de talentos da televisión. As personaxes e os personaxes compiten neste concurso para gañar e conseguir o premio.

As persoas do público da obra de teatro tamén participan no concurso de televisión en varios momentos da obra.

Esta obra de teatro fala das diferencias que existen entre a vida que temos as persoas e da vida que soñamos.

Tamén fala dos problemas que sufrimos as persoas para buscar o éxito na vida. As persoas sufrimos fortes presións para lograr o éxito na vida e deixamos de facer cousas que nos fan felices para conseguir ese éxito. Tamén loitamos con outras persoas para conseguir o éxito.

Os actos e as profecías tamén fala de que as persoas seguimos cara a diante na vida aínda que teñamos moitas dificultades.

Por outro lado, a obra de teatro explica que o público inflúe nas obras que fan os autores e autoras. Por exemplo, o público inflúe nos programas de televisión que se fan, nas películas ou nas obras de teatro.



Como é o escenario?

O escenario non cambia durante toda a obra de teatro.
No escenario podes ver diferentes plataformas con escaleiras.
Nestas plataformas,
están as persoas que participan no concurso de talentos.



Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura unha hora e 45 minutos.

Tes que estar no Salón Teatro antes de empezar a obra de teatro.
Se a obra empezou, non podes entrar.

Tampouco podes volver a entrar no Salón Teatro
se saes antes do fin da obra.

Os mércores, nas funcións descontraídas si podes saír e volver entrar.



Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.^a Dolores Portela León
FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena Inclusión Galicia
Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva
subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).


Validación da adaptación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-europe.org/etr



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL

